

A ILLA DE AROUSA*Exposición pública e cobranza do padrón
Taxas Municipais 1997*

Estará en exposición pública nas oficinas deste Concello durante o prazo de quince días contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, o padrón de taxas municipais (recollida de lixo, rede de sumidoiro, vados permanentes) do exercicio de 1997.

Esta exposición pública producirá os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuren consignadas para cada un dos interesados, podendo-se interpor contra elas recurso de reposición previo ó contencioso-administrativo no prazo de un mes a partir do día seguinte ó de finalización do período de exposición pública de conformidade co artigo 124 da Lei xeral tributaria.

O período de cobranza comezará a partir do día seguinte ó do remate da exposición pública do padrón, polo prazo de dous meses en período voluntario. Unha vez rematado o prazo do pagamento voluntario iniciarase o procedemento de prema que determina a recarga e os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 127 da Lei xeral tributaria.

A Illa de Arousa, 15 de decembro de 1997.—O Presidente da Comisión Xestora, ilexible. 15072

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AUGAS**TITULO PRIMEIRO**
“DISPOSICIONS XERAIS”**CAPITULO I****“OBXECTO E AMBITO DE APLICACIONES”****ARTIGO 1**

1.—O presente regulamento ten por obxecto establecer:

a) As normas respecto do servizo de subministro de auga potable no municipio de A ILLA DE AROUSA e as súas características.

b) Regula-las relacións entre a empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigas básicas, baixo a tutela do Concello de A ILLA DE AROUSA, así como recolle-lo ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.

2.—No presente Regulamento denomínase “Abonado” ó usuario que teña contratado o Servizo de Augas. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria, e depositará a correspondente fianza ó formaliza-lo contrato de subministro.

3.—Denomínase “concesionario” ó adxudicatario da xestión do Servizo Municipal de Augas de A ILLA DE AROUSA, en virtude do contrato administrativo que rexe a concesión do mesmo.

ARTIGO 2

1.—O servizo de abastecemento de Auga Potable do municipio de A ILLA DE AROUSA, seguirá ostentando en todo momento, a condición do Servizo Público Municipal.

2.—Os servizos que afecten a este Regulamento quedarán sometidos permanentemente ó control do Concello de A ILLA DE AROUSA, quen poderá revisar os traballos feitos polo concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpece-la prestación dos mesmos.

3.—O concesionario disporá dun Libro de Inspección para uso exclusivamente municipal, no que quedarán reflectidas as que se realicen por quen designe o Concello a tal fin, así como as observacións que estas persoas consideren oportuno facer constar para o mellor funcionamento dos servizos, indicando a data na que se produzan.

4.—O concesionario representará ó Concello diante dos organismos da Administración Pública para tódalas actividades relacionadas co abastecemento de auga, sendo o executor dos acordos municipais que se adopten ó respecto.

ARTIGO 3

Correspóndelle ó concesionario, cos recursos ó seu alcance:

a) Conservar e explota-las obras e instalacións necesarias para regular, conducir, almacenar e distribuír auga potable á poboación do municipio de A ILLA DE AROUSA, segundo as condicións que se fixan neste Regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ó efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen polo propio concesionario ou lle sexan asignados.

A incorporación ó servizo de obras e instalacións con posterioridade ó comenzo da concesión, esixirá a recepción das mesmas polo Concello e a sinatura da acta polo concesionario de adscripción das mesmas ó servizo.

b) O subministro de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o uso en edificios, locais e recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as esixencias deste Regulamento e demais disposicións aplicables.

c) Manter e conservar ó seu cargo as redes e instalacións necesarias para o abastecemento de auga, así coma a parte das acometidas que lle corresponda.

O concesionario garantirá, agás causa xustificada, unha presión suficiente na rede, para abastecer axeitadamente en cada punto da mesma a edificios de ata catro plantas, no casco de A ILLA DE AROUSA e, no resto, dependendo da altura dos depósitos.

O abonado deberá dispor pola súa conta das instalacións de elevación necesarias para o abastece-

mento, naqueles casos nos que non quede garantida a presión adecuada.

d) Dispor dun servizo permanente para a recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo de auga.

e) Informar ós abonados, sempre que sexa posible e polos medios axeitados de difusión, das interrupcións e alteracións que se produzan no subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

f) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, que os abonados e público en xeral poidan coñecer-lo funcionamento das instalacións.

g) Contesta-la solicitude de información e reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

h) Aplica-los prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de subministro que, en cada momento, se teñan aprobadas.

ARTIGO 4

Ademais dos dereitos que ó concesionario lle otorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión de Servizo Público e das recoñecidas á empresa adjudicataria no contrato concesional, o concesionario, con carácter xeral terá os seguintes dereitos:

a) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, se encontren ou poidan encontrarse en servizo.

b) Percibir nas súas oficinas ou nos lugares destinados ó efecto, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar ós abonados e usuarios, polas prestacións que realizase o concesionario ou, no seu caso, fosen utilizadas, nos terminos que establezan as ordenanzas fiscais municipais.

ARTIGO 5

Son obrigas do abonado:

a) Todo abonado estará na obriga do pago puntual dos cargos que o concesionario lle formule segundo os prezos e tarifas aprobadas, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios ós que fai referencia o presente regulamento, según ordenanzas e tarifas aprobada polo Concello.

A obrigatoriedade do pago dos consumos de auga considerarase extensiva ós casos nos que os mesmos se orixinasen por fuga, avaría, defecto de construción, conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ó concesionario.

b) Respecta-las instalacións que integran a infraestrutura dos servizos, redes de distribución de

auga potable, e acometidas correspondentes, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas por persoal non autorizado.

c) Mante-las súas instalacións de tal forma que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento, e utilizar de forma correcta as instalacións do servizo, adoptando as medidas necesarias para conserva-las mesmas na forma axeitada, mantendo intactos os precintos que garantan a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de acometida, e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.

d) Os abonados deberán, en interese xeral, e no seu propio, comunicar así mesmo ó concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, vertidos incontrolados, etc.) que, ó seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Igualmente, deberán notificar ó concesionario as manipulacións na rede ou nos usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

e) Cumpra-las limitacións e periodicidades que o concesionario estableza no uso e consumo de auga, sen prexuízo da eventual obriga do concesionario de comunicar estes aspectos previamente ó Concello.

f) Facilita-lo libre acceso ás instalacións ou recintos ós empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

g) Os abonados non poderán, baixo ningún concepto, ceder gratuitamente ou de forma remunerada auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsables de toda defraudación que se produza no seu subministro, ben por el mesmo ou por outra persoa que del dependa.

Naqueles supostos de abonados que polo seu especial carácter xustificuen excepcións a este apartado, as relacións de subministro regularanse mediante contratos individuais entre o concesionario e o abonado.

h) Os abonados estarán na obriga de solicitar da empresa a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que impliquen modificación do número de receptores ou cambio no uso da auga.

i) Cando o abonado desexe causar baixa no subministro de auga, estará obrigado a comunicar nas oficinas do concesionario esta baixa.

O concesionario estará obrigado a facilitar ó Concello unha relación e copia das baixas asinadas polos abonados.

l) Cando nunha mesma finca, xunto a auga de Servizo Municipal, haxa auga doutra procedencia, o abonado estará obrigado a establecer instalacións in-

teriores por onde circulen independentemente as augas ou ben instalar unha válvula de retención para evitar que as augas doutra procedencia retrocedan ás augas do Servicio Municipal.

O concesionario non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións que non cumpran estas condicións, advertíndolle ós abonados da responsabilidade na que poidan incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

ARTIGO 6

Serán dereitos dos abonados:

a) Recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.

b) Dispoñer permanentemente de subministro de auga potable de acordo coas condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e demais disposicións de aplicación, agás causas de forza maior.

c) Ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu subministro, así como recibir contestación por escrito no prazo regulamentario previsto ás consultas formuladas por idéntico precedente.

d) A substitución ou reparación de contadores inutilizados ou avariados polo seu uso normal, corresponderalle ó concesionario, quen o fará á súa custa, sen que poida facturar ningunha cantidade por este concepto ós usuarios do servizo, como consecuencia do establecido na Ordenanza Fiscal que prevé a facturación mensual dun canon por mantemento de contadores.

e) Todo abonado ten dereito a solicitar a verificación do contador se o estima conveniente, tendo neste caso que depositar unha fianza de mil pesetas, que lle serán devoltas no caso de verificarse un funcionamento anómalo do mesmo.

f) O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime conveniente. O concesionario guiarase, non obstante, para a facturación de consumos, exclusivamente, polo aparato de medida do Servicio instalado na batería de contadores ou á entrada da vivenda.

g) O abonado poderá obter do concesionario calquera información relacionada cas lecturas, facturacións, comprobacións do contador, cobros, tarifas aplicables e, en xeral sobre toda cuestión relacionada co subministro que se xenere nun período de un ano anterior á data de presentación da petición correspondente.

ARTIGO 7

1.—O persoal do concesionario irá provisto obrigatoriamente dun documento expedido por el no que consten os datos de identificación persoal.

2.—Toda persoa física que en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido ó Excmo. Concello.

3.—Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado.

4.—O concesionario deberá levar un libro de reclamacións debidamente dilixenciado polo Concello, que estará a disposición dos usuarios. Neste libro recolleranse as reclamacións que estes efectúen, das que unha copia estará a disposición permanente do Concello.

5.—As reclamacións que se formulen por danos e perdas causadas polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas, e o seu carácter contractual e extracontractual.

CAPITULO II “CONDICIONS DO SERVICIO”

ARTIGO 8

1.—Enténdese por acometida de abastecemento de auga o tramo de canalización que partindo da rede de distribución se estende ata a arqueta que aloxa a válvula de rexistro e que estará situada en terreo público.

2.—Denomínase rede de distribución de auga potable ó conxunto de tubarías, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuí-la auga á poboación.

ARTIGO 9

1.—O subministro de auga será prestado polo concesionario con subxección a este regulamento e demais disposicións de carácter xeral.

2.—Como norma xeral, non se concederán illadamente, acometidas de subministro de auga potable nin de vertidos de augas residuais, tramitándose simultaneamente ámbalas dúas solicitudes. As obras correspondentes executarase na medida do posible de igual forma, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

ARTIGO 10

Os efectos de aplicación deste regulamento, considerase que un inmovible pode dispoñer de servizo de auga potable, cando existan redes de distribución de auga consolidadas en terreo público lindante co

inmuble, e o novo enganche non represente unha caída de presión apreciable no abastecemento de auga nos respectivos puntos de acometida, e se dispoña da correspondente autorización municipal.

ARTIGO 11

O dereito ó subministro de auga, dun terreo, inmuble ou finca pode extinguirse:

a) Polas causas previstas na póliza de servizo ou contrato.

b) Polo uso indebido das instalacións, que entrañe perigo para a seguridade do servizo ou danos a terceiros.

c) Polo incumprimento das normas contempladas neste regulamento.

CAPITULO III “ACOMETIDAS”

ARTIGO 12

1.—As obras de acometida á rede e as pequenas extensións da mesma, deberán ser executadas polo concesionario, unha vez outorgada polo Concello a correspondente licenza municipal previo pago do importe polo promotor ou solicitante. O Concello poderá realizar directamente as obras de acometida.

2.—A este respecto, o concesionario, tendo en conta as características das prestacións solicitadas, confeccionará o correspondente presuposto, de acordo co cadro de prezos unitarios a tal fin. O cadro de prezos deberá ser aprobado polo Concello (Comisión de Goberno) previamente á súa entrada en vigor.

3.—Tódalas modificacións do cadro de prezos a que se refire o punto anterior deberán ser aprobadas polo Concello (Comisión de Goberno) antes da súa efectiva aplicación polo concesionario.

4.—No prazo máximo de trinta días a contar desde a data de notificación ó peticionario, este deberá facer efectivo o importe do presuposto sinalado na notificación, suscribindo o contrato de subministro e pasado este prazo sen que se verifique o pago entenderase que o peticionario desiste das acometidas solicitadas.

5.—Abonados polos peticionarios os importes regulamentarios e asinado o contrato de subministro, o concesionario, executará as acometidas que deberán quedar finalizadas no prazo de quince días. A partir do momento de execución e realizadas satisfactoriamente as probas de subministro, o concesionario pasará a facturar ó abonado as tarifas correspondentes.

ARTIGO 13

As solicitudes para acometidas á canalización xeral da rede de abastecemento de auga potable, serán efectuadas na oficina do Servizo, que as presentará no Concello debidamente informadas para a

súa aprobación en Comisión de Goberno. Aprobada a solicitude, a acometida será realizada polo concesionario, sendo por conta do peticionario o importe dos materiais a empregar, as obras de apertura e peche de gabias, colocación de tubos e a arqueta para coloca-lo rexistro, como así mesmo satisfará o importe das contribucións especiais, caso de que as sinalara o Concello na rúa ou lugar no que radique a finca.

ARTIGO 14

O Servizo Municipal de Augas esixirá o Boletín Oficial de instalador visado por Industria para acceder ó subministro de auga solicitado no caso de edificacións novas, ou nas que nunca estiveran aboadas ó servizo.

ARTIGO 15

Na canalización a partir da válvula de rexistro situada no fronte do edificio, corresponderá ó abonado a reparación dunha posible fuga limitándose o Servizo a cerra-la válvula da acometida, avisando ó propietario da anomalía e volvendo a abrila unha vez que estea a instalación en condicións, previa comprobación polos empregados do servizo. Así mesmo serán responsables dos danos e prexuízos que poidan causar.

A anomalía será reparada polo abonado nun prazo máximo de setenta e dúas horas e de non ser así procederase ó corte de subministro.

ARTIGO 16

Tódalas conexións na rede de auga potable serán realizadas única e exclusivamente polo concesionario que facturará o importe das mesmas a quen corresponda en cada caso.

ARTIGO 17

As acometidas serán destinadas exclusivamente para aqueles usos para os que foron solicitadas, debendo, en caso contrario, comunicar previamente o abonado ó Concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato. No caso das acometidas solicitadas para obras serán dimensionadas de acordo coas futuras necesidades da construción segundo proxecto.

CAPITULO IV “POLIZA DE SERVICIO”

ARTIGO 18

1.—Denomínase póliza de servizo ó contrato suscrito entre o concesionario e o abonado, que inclúe os termos e condicións que figuren no presente Regulamento e Ordenanza Fiscal vixente en cada momento.

A póliza de servicio concederáse con carácter indefinido, se ben suxeita ós condicionantes legais que establece este Regulamento ou que sexan de aplicación.

ARTIGO 19

1.—O contratante do subministro de auga será o titular ou titulares da finca, local, industria ou obra a abastecer, ou quen o represente legamente, agás as excepcións que se detallan neste artigo.

No seu caso o contratante poderá se-lo inquilino, con autorización do propietario. Esta autorización implicará a asunción por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concesionario no caso de incumprimento do contrato de subministro de auga.

2.—Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministro, os dous deberán comunicar de forma indubitable, dentro do prazo de un mes, o cambio co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular.

Se houbera modificación na propiedade da finca, local ou industria, sen cambio de titularidade no contrato de subministro, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos de contrato e resarcimento de danos que puidesen causar ó concesionario os inquilinos do inmovible cando non os asumisen estes.

3.—No casos nos que o solicitante do Servicio sexa unha comunidade de propietarios só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

4.—Nos casos nos que se soliciten os servicios para a execución de obras, o contratante deberá se-lo titular da licenza municipal ou no seu defecto o constructos, sendo aquel en todo caso o responsable último.

ARTIGO 20

1.—As pólizas para obras terán carácter provisional e temporal, rexéndose polas condicións xerais previstas neste Regulamento.

2.—En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para un contrato de obra. Rematadas as obras, o titular da póliza interesará a baixa nas oficinas do Concesionario.

ARTIGO 21

O concesionario poderá denega-la póliza de servicio por calquera das seguintes circunstancias:

a) Por omisión na solicitude de calquera dos documentos esixidos.

b) Por inadecuación das instalacións interiores ás prescricións regulamentarias existentes no momento da petición.

c) Por solicitar usos non autorizados neste regulamento ou falsidade na comunicación dos datos.

d) Non poderá ser abonado do subministro de auga quen, séndoo con anterioridade para outra finca, local ou industria, fose penalizado con suspensión do subministro ou resolución de contrato ata que se satisfagan integramente a súas anteriores obrigas, con recargos, intereses e gastos ós que houberse lugar, agás que este oportunamente recorreda a decisión en forma regulamentaria.

ARTIGO 22

A prestación do servicio concederáse única e exclusivamente para as modalidades seguintes:

a) Para usos domésticos, almacéns, baixos ou trasteiros (de uso privado non comercial ou industrial).

b) Para usos comerciais.

c) Para usos industriais.

d) Para usos municipais.

e) Para usos de obra.

f) Para usos especiais: Rego de xardíns, piscinas, garaxes privados e comunitarios (sen fins lucrativos).

ARTIGO 23

1.—*ENTENDENSE USOS DOMESTICOS*

Tódalas aplicacións que se dan ás augas para atende-las necesidades da vida como son a bebida e preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc., dentro da unidade familiar.

Aplicarase esta modalidade só a locais destinados a vivendas ou locais anexos a vivendas, sempre que neles non se realicen actividades industriais, comerciais, profesionais ou de servicios de calquera tipo. Quedan excluídos de consideración de usos domésticos os garaxes, aínda cando sexan de uso particular ou para un só vehículo, agás os que estean localizados en vivendas unifamiliares.

2.—*ENTENDENSE USOS COMERCIAIS*

Os de aqueles locais adicados ó comercio e nos que a auga non se utilice como medio para o seu fin comercial, facéndose un uso normal da mesma (comercios de venda maior ou menor, almacéns auxiliares, depósitos de mercadorías, exposicións, oficinas e despachos profesionais e similares).

3.—*ENTENDENSE USOS INDUSTRIAIS*

Aqueles nos que a auga se empregue ben como motor ou axente mecánico ou químico e nos que se verifique a súa transformación en vapor, xeo, bebi-

das carbónicas e, en xeral, para o que se refire a bares, restaurantes, talleres, fábricas e industrias, garaxes públicos ou de alugamento, hoteis, discotecas, salas de festas, e similares.

4.—ENTENDENSE USOS MUNICIPAIS

Aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais administrados directamente polo Concello ou que aínda non sendo de propiedade municipal dependen administrativamente do mesmo (colexios).

Os usos municipais disporán de contador para determinar os consumos que se produzan.

Os servicios municipais xestionados por concesión administrativa non terán a consideración de usos municipais.

5. ENTENDENSE USOS DE OBRA

Aqueles que sexan empregados na construción.

As concesións de subministro para obras consideraranse temporais e provisionais, prohibíndose especialmente a súa cesión para o uso das vivendas construídas. O uso indebido desta concesión levará consigo o corte inmediato do subministro.

6. ENTENDENSE USOS ESPECIAIS

Aqueles non incluídos nas modalidades anteriores. (Rego de xardíns, piscinas, cortes, garaxes privados e comunitarios) A estes usos especiais aplícase a tarifa de usos domésticos a non ser que a Ordenanza Fiscal estableza algo específico.

ARTIGO 24

As concesións faranse separadamente por cada un dos usos definidos e para cada finca ou vivenda aínda cando estean contiguos e pertencen a un mesmo dono.

ARTIGO 25

1.—Para a suspensión do servicio de abastecemento a un abonado, o concesionario deberá seguir os trámites legais previstos ó efecto.

2.—O concesionario poderá suspender-lo servicio de abastecemento de auga a un abonado nos seguintes casos :

a) Se non satisfai puntualmente o importe dos servicios conforme ó estipulado na póliza de subministro.

b) En tódolos casos nos que o abonado empregue a auga que se lle subministra en forma ou para usos distintos dos contratados.

c) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións nas súas instalacións para subministro de auga a outros locais ou vivendas diferentes ás consignadas na súa póliza de servicio.

d) Cando o abonado non permita a entrada nun local que afecte á póliza de servicio, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da súa correspondente autorización acreditativa, trate de revisar as instalacións, sendo preciso en tal caso, que se faga constar-la negativa por testemuñas, e en presenza dalgún axente da autoridade.

e) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar dano á rede, á vía pública ou a terceiros.

f) Cando se trata de subministros para usos especiais, estes poderán ser suspendidos por causas excepcionais de escasez se o Concello así o estima.

3.—Os gastos orixinados pola notificación ós interesados das distintas fases do procedemento de corte de subministro por falta de pago e os derivados do reestablecemento do subministro será por conta do abonado, que non recuperará o servicio ata que non proceda ó seu pago.

ARTIGO 26

O abonado ou os seus herdeiros serán responsables dos pagos ata a terminación do contrato, estando obrigados a dar conta do cambio de residencia. A persoa que lle suceda deberá dar conta así mesmo diso, suscribindo o novo contrato.

TITULO SEGUNDO “ABASTECIMENTO DE AUGA”

CAPITULO I “XERALIDADES”

ARTIGO 27

1.—Para a execución das instalacións interiores é de aplicación a Orde de 9 de Decembro de 1.975 (BOE de 13 de Xaneiro de 1.978, sobre “Normas Básicas de Instalacións Interiores de Subministro de Auga”). As prescricións desta Norma Xeral serán substituídas ou complementadas automaticamente por aquelas que, con ese carácter, se aproben no futuro.

2.—Enténdese por instalación interior xeral de abastecemento a comprendida entre a chave de rexistro de acometida e a chave de saída do contador ou batería de contadores.

O seu mantemento correrá a cargo dos abonados. Calquer modificación da instalación interior xeral debe ser comunicada con anterioridade ó concesionario.

As canalizacións instalaranse de tal forma que, en caso dunha fuga de auga, esta se baleire ó exterior da propiedade de forma visible. En calquera caso, a responsabilidade por danos producidos por fuga de auga nesta parte da instalación correrá por parte do abonado.

3.—Enténdese por instalación interior particular a parte de instalación interior comprendida entre a chave de saída do contador e os puntos previstos para servizo de abastecemento dentro do inmoible, correndo a cargo do abonado ou usuario a súa substitución, reforma e conservación.

Calquera fuga de auga neste tramo será medida polo contador e facturada ó abonado de acordo coas tarifas correspondentes.

4.—Para edificios de nova construción e aqueles casos que a rehabilitación do edificio afectase a construcións interiores é obrigatoria a instalación dunha batería de contadores divisionaria, en todos aqueles casos nos que se pretenda dar servizo a máis dun abonado coa mesma acometida.

5.—A batería de contadores localizarase nun lugar provisto de iluminación eléctrica. O chan disporá dun desaugadoiro con capacidade suficiente, con evacuación á rúa ou lugar que alerte dunha posible fuga.

6.—O personal do concesionario terá libre acceso, e de forma permanente, ó recinto onde estea instalada a batería de contadores, co fin de que se poida efectuar a inspección regulamentaria.

7.—Con anterioridade á conexión á rede xeral de toda nova instalación interior, o concesionario procederá a unha revisión desta última sen que poida efectuarse o enganche se non se acredita o cumprimento das condicións previstas neste Regulamento.

En consecuencia queda prohibida a conexión de calquera instalación interior á acometida sen previa autorización do Concello requeriéndose o oportuno informe do concesionario.

ARTIGO 28

1.—O concesionario poderá establecer as condicións e prioridades no uso da auga potable nos supostos de restriccións pola seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución de auga, utilizando ó seu mellor criterio para reduci-lo dano á poboación afectada, e comunicándose a través dos medios de comunicación máis axeitados.

Deberá informar previamente ó Concello destas medidas que poderá alteralas ou modificalas e informarse, así mesmo, da súa previsible duración e as razóns que levaron a adoptalas, sen prexuízo da normativa xeral de seguridade civil que sexa de aplicación.

2.—Os abonados que prevexan utilizar a auga para alimentar aparatos ou instalación que poidan verse afectadas como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión no subministro e aqueles que desenvolvan actividades ou presten servizos nos que a auga sexa elemento de necesidade permanente, deberán instalar depósitos con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas necesarias

para garantir a continuidade do servizo. E aconsellabel que o depósito sexa dimensionado de forma que poida cubrir-lo subministro por un período de tempo correspondente ó consumo medio de 48 horas.

3.—O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas das que non sexa propietario a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo una póliza de seguros axeitada.

Artigo 29

1.—En todos os edificios que excedan de catro plantas, ou naqueles nos que, por albergar un alto número de usuarios, a presión da rede no punto da acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, será obrigatoria a instalación dun grupo elevador e depósito que garanta o abastecemento regular a tódalas vivendas ou locais da finca.

E aconsellabel que o edificio teña depósito de reserva con capacidade superior as 48 horas de consumo normal.

Naqueles puntos da rede nos que a presión acadase valores superiores ós considerados normais de uso, corre por conta dos abonados a instalación de válvulas reductoras de presión que eviten danos nas instalacións interiores.

2.—Como medida de hixiene e control recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios adecuados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugamento e tubo de ventilación. O desaugadoiro do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3.—Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ó tramo de acometida interior. As normas de instalación do citado depósito deberán ser informadas polos técnicos municipais.

CAPITULO II

“UTILIZACION DO ABASTECEMENTO”

ARTIGO 30

O abonado baixo a súa exclusiva responsabilidade, intransferible a terceiras persoas non poderá :

a) Mesturar auga doutras procedencias, aínda que estas fosen potables, na instalación interior conectada á rede pública.

b) Introducir nas canalizacións de abastecemento, sen previa autorización do concesionario, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar as condicións da rede de distribución no seu contorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.

c) Vender ou ceder, incluso a título gratuito, a auga subministrada polo concesionario.

d) Modificar os accesos ós contadores e aparatos de medida, sen comunicación ó concesionario.

e) Utiliza-la auga do servizo público con fins distintos ós contratados.

f) Manipula-las instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.

g) Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida, ou introducir calquera alteración nas instalacións, que permitisen estes consumos.

h) Ocasionar voluntariamente ou por conductas negligentes fugas de auga.

i) Romper ou altera-los precintos.

ARTIGO 31

1.—O propietario dun edificio será responsable das avarias que se produzan na instalación interior xeral, tendo a obriga de advertir inmediatamente ó concesionario cando teñan coñecemento da avaria.

2.—O propietario realizará ó seu cargo, o máis axiña posible, e en todo caso, dentro dun prazo máximo de tres días naturais, a reparación das avarias que se presenten na instalación da canalización interior xeral, acordando co concesionario o modo e data de reparación. O concesionario realizará o corte provisional necesario para a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de proseguir-lo servizo.

3.—Se a xuízo do concesionario ou do técnico competente, se determinase que existe perigo grave para a integridade das persoas polo mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concesionario poderá suspende-lo subministro de forma inmediata, poñendo en coñecemento do interesado. Neste caso, coma naqueles que exista necesidade de acomete-la reparación con urxencia, o concesionario poderá repercutir no abonado os gastos que se produciran, debidamente xustificadas.

4.—A reparación das avarias que se produzan na instalación interior particular (é decir, a posterior á chave de paso ou á chave de saída do contador), son de única responsabilidade do abonado, quen deberá realizar pola súa conta a reparación, que executará un profesional fontaneiro debidamente cualificado.

5.—As reformas na instalación interior que execute un propietario dun edificio, nave ou local, con posterioridade á inspección executada para a alta, deberán ser comunicadas ó concesionario, e suporán a necesidade dunha nova inspección e autorización e o seus gastos correrán a cargo do abonado.

ARTIGO 32

1.—A conexión á rede pública de abastecemento de acometidas para sistemas contra incendios requirirá a autorización e aprobación por parte do Concello de conformidade coa lexislación vixente.

2.—A utilización das acometidas de incendios quedarán restrinxidas ás persoas autorizadas directamente polo abonado que as solicite, ó concesionario

e os servizos públicos destinados á extinción de incendios.

3.—Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas polo persoal do concesionario, entendéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De ser utilizadas na extinción dun incendio, o abonado debe poñelo en coñecemento do concesionario a fin de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas.

4.—As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca na que se instalen e non poderá ser conectada ningunha derivación para outros usos.

5.—Nas instalacións contra incendios, non se instalará contador nin se aplicará ningún cargo derivado do maior ou menor consumo de auga, nin polos vertidos da mesma á rede de saneamento. De ser necesaria a utilización da boca de incendio, facturarase exclusivamente polo concepto de dispoñibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento.

ARTIGO 33

1.—Para a execución de obras públicas de urbanización ou ordinarias e aquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da Entidade Pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso de auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

2.—Cando o solicitante sexa o contratista, deberá constituír previamente ante o concesionario, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidrante. A constitución deste depósito e o dereito a utiliza-la auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito será devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do servizo, se non se produciran danos.

3.—O consumo de auga ó que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario instalará a tal efecto.

4.—Agás nos casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rego ou hidrantes só estará permitido ós servizos públicos de extinción de incendios e outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzan pola utilización das mesmas.

ARTIGO 34

A Administración Municipal poderá adoptar, ademais das disposicións marcadas neste regulamento calquera outra que considere oportuna para evita-los

abusos que no disfrute da auga potable puideran comete-los abonados ou usuarios.

ARTIGO 35

Se no curso das augas, experimenta en toda a canalización ou en toda a distribución, variacións e interrupcións das que son inherentes esta clase de servizo e en especial as que son ocasionadas por forza maior, non dará dereito esta circunstancia ós abonados ou usuarios para reclamar ningunha cantidade a título de indemnizacións por danos e prexuízos.

CAPITULO III "CONTADORES"

ARTIGO 36

1.—Os contadores ou medidores de caudais de subministro de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de industria ou Organismos competentes.

2.—Os contadores serán propiedade dos abonados ó servizo.

3.—Os usuarios ou abonados ó servizo poderán adquirir libremente os contadores nos lugares que estimen oportunos, sempre que os mesmos cumpran coas esixencias ás que se refire o punto primeiro deste artigo.

4.—O concesionario obrígase a manter unhas existencias de contadores axeitados ás necesidades e caudais do subministro para a súa venda ós abonados que o soliciten. A venda destes contadores realizárase de conformidade coas tarifas que se establezan.

ARTIGO 37

1.—A colocación e instalación de contadores realizárase polo concesionario, sendo os gastos de conta do abonado. O custo da instalación quedará determinado polo correspondente cadro de prezos aprobado polo Concello e vixentes en cada momento.

2.—A substitución ou reparación de contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu normal uso, corresponderá ó concesionario, quen facturará ós usuarios o importe destas substitucións ou reparacións, de acordo co cadro de prezos aprobados polo Concello e vixente en cada momento.

ARTIGO 38

1.—Será obrigatoria a instalación de contadores. O Concesionario será o único autorizado para a instalación, conservación e lectura dos mesmos. Os gastos e adquisición dos aparatos serán por conta dos usuarios.

2.—Os contadores colocaranse en lugares de libre acceso e que pola súa situación e altura non resulte molesta a súa lectura e de conformidade coa normativa técnica fixada polo Servizo Municipal de Augas.

3.—Estarán obrigados a instalar contador tódolos usuarios que carezan del, dentro do prazo de quince días a partir do requirimento que a tal efecto se lle practique, que de non atender dará lugar ó corte do subministro de auga.

4.—Cando os contadores non estén colocados en lugares de libre acceso ó servizo, este requirirá ós interesados para que procedan á súa adecuada reinstalación no prazo de seis meses. De transcurrir o prazo sen facelo dará lugar ó corte de subministro.

Cando se trate de edificios con contadores no interior das vivendas e locais, requirirase á comunidade de propietarios para que proceda á instalación de contadores en cadros centralizados en lugar de libre acceso. Transcurrido o prazo sen efectuarse o servizo procederá a colocar un contador xeral que servirá para facturar o subministro á comunidade.

5.—No caso de que o subministro ó inmovible se realice a través dun contador colectivo, emitirase un só recibo segundo o artigo 48.

ARTIGO 39

En tódalas fincas se establecerá á entrada da mesma unha válvula de rexistro que só poderá facer uso dela o Servizo, que está facultado para precintala. A válvula de rexistro colocada na fronte do edificio, non poderá abrila ni pechala máis que os empregados do Servizo, quedando terminantemente prohibido o manexo ós usuarios. Para asegurarse diso, o Servizo poderá ordenar, se o estima conveniente, o seu precintado.

ARTIGO 40

1.—Os edificios nos que fose preciso instalar grupos de elevación de auga, deberán dispoñer dun contador xeral para control de consumo. Este contador xeral de referencia estará instalado na cabeceira da acometida ou depósito comunitario, e na póliza correspondente a esta acometida figurará como abonado a comunidade de usuarios.

2.—No caso de que unha comunidade de usuarios tivese instalado contadores individuais, o consumo do contador xeral de referencia deberá ser igual á suma dos contadores individuais. A facturación levarase a cabo polos importes correspondentes a cada contador individual. Non obstante, cando o consumo do contador xeral fose maior que a suma das medidas dos contadores individuais, a diferenza facturárase á comunidade de usuarios.

ARTIGO 41

1.—O abonado estará obrigado a facilitar ó persoal do concesionario debidamente acreditado o acceso ó contador.

A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as oito trinta e dezanove horas.

ARTIGO 42

1.—Todo abonado ten dereito á verificación do contador segundo o artigo 6.e).

2.—As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

3.—No caso de verificación de funcionamento incorrecto e exclusivamente naqueles casos nos que o solicitante sexa o abonado, o concesionario procederá a reface-las liquidacións por consumo de auga, corri-xidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes ó mesmo período do ano anterior ó momento de petición de verificación polo abonado.

4.—Os contadores que estean inutilizados, sen que a situación se producira por actuacións do abonado, o concesionario, para efectúa-la liquidación avaliará o consumo proporcionalmente ó rexistrado no período equivalente no ano anterior. Se non existise período de referencia facturárase o mínimo.

ARTIGO 43

1.—A lectura periódica dos contadores será realizada polos empregados do concesionario ou persoas autorizadas por este, debidamente acreditadas. A lectura tomada determinará o consumo do abonado.

A facturación de consumos farase trimestralmente. A periodicidade con que se tomen as lecturas deberá aproximarse o máis posible a noventa días entre dúas lecturas consecutivas, agás que a Ordenanza Fiscal estableza outro período de facturación.

2.—Cando por circunstancias alleas á vontade do concesionario non fose posible a lectura do contador, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do abonado ou similar, unha tarxeta na que reflectirá esa circunstancia e na que o abonado poderá anota-la lectura actual do contador. O concesionario deberá que-darse con xustificante ou matriz.

O abonado deberá devolve-lo impreso debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se non existise consumo.

ARTIGO 44

1.—E obrigatorio, sen ningunha excepción a verificación e precintado polo concesionario de todo aparato de medida, en canto que as súas lecturas serven de base de liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante :

a) Que o contador pertence a un sistema aprobado.

b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto

c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidese altera-lo seu bo funcionamento.

12.—O abonado nunca poderá manipula-lo aparato de medida nin o seu precinto, agás autorización escrita do concesionario. A súa instalación e precintado será realizado sempre por persoal do concesionario.

ARTIGO 45

Os aparatos de medición de consumo serán verificados :

a) Antes da súa instalación na finca ou local a abastecer.

b) Despois de toda reparación.

c) Sempre que se estime necesario polo concesionario.

d) Por disposición do Concello e das Autoridades Competentes.

Artigo 46

E obrigación do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se instale, así como o acceso ó mesmo.

TITULO TERCEIRO
“REXIME ECONOMICO”

CAPITULO I

“FACTURACION, COBRO, INFORMACION
 E RECLAMACIONES”

ARTIGO 47

1.—Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

ARTIGO 48

Cando unha soa póliza de servizo corresponda a todo un inmovible aplicaráselle tantos mínimos de consumo, cotas de servizo (de mantemento de rede, de acometida, de conservación de contadores, etc) como vivendas, locais ou dependencias resulten afectadas polo subministro. No caso de que non sexan independentes os locais ou dependencias que desenvolvan actividades comerciais ou industriais, colocaranse contadores individuais para cada un destes servizos, debendo estar as tomas para os mesmos nun punto anterior ó contador xeral. En caso contrario aplicarase a tarifa máis alta. A entrada en vigor deste Regulamento deixará en suspenso acordos anteriores.

ARTIGO 49

1.—Cando non sexa posible coñece-los consumos realmente realizados, como consecuencia da avaría no equipo de medida, ou por causas imputables ó concesionario, a facturación do consumo efectuarase

de acordo co consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior. De non existir datos históricos facturárase polo consumo medio.

2.—Os consumos así estimados terán carácter firme no suposto de avaría do contador, e de liquidación a conta no suposto de que a falta de lectura se deba a causas imputabeis ó concesionario no que unha vez obtida a lectura real, se regularice a situación, por exceso ou por defecto na facturación do seguinte período.

ARTIGO 50

Os impostos, taxas, arbitaxes, dereitos, tributos ou gastos de calquera clase, establecidos ou que poidan establecerse polo Estado, Provincia, Municipio ou calquera Administración Pública, que graven dalgún xeito, ben a documentación que sexa necesaria formalizar para suscribir un contrato de subministro, ou ben o subministro en si mesmo, así coma outras circunstancias calquera relacionadas con este, serán por conta do abonado.

ARTIGO 51

1.—O abonado poderá facer efectivo os importes facturados polo concesionario nas súas oficinas ou ben a través das contas do abonado na Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros que para o efecto se sinala. Igualmente, en casos excepcionais, o abonado poderá facer efectivo o importe do recibo mediante xiro postal ou outro medio similar, sempre coa conformidade previa e expresa do concesionario.

2.—O pago dos recibos periódicos do servicio efectuarase preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria ou, no seu defecto nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

3.—No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas non imputables ó concesionario, será por conta do abonado a totalidade dos gastos que se produzan por motivo desta devolución, incluída a remuneración de intereses de demora correspondentes. O pago do recibo devolto efectuarase nas oficinas do Servicio.

ARTIGO 52

De non facer efectivo o recibo dentro do prazo de cobro voluntario o concesionario poderá proceder á liquidación de intereses de demora, sen prexuízo do corte de subministro e das restantes accións legais que procedan para facer efectiva a cantidade non satisfeita.

ARTIGO 53

1.—O abonado terá dereito a reclama-la devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución de cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o fallo

de facturación, de medida ou calquera outra causa que provocase o fallo; se supera o prazo de quince días, remuneraráselle intereses de demora.

2.—Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e sucinta os conceptos polos que reclama e os fundamentos da reclamación, axuntando á mesma os xustificantes de ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que estime oportuno.

3.—O concesionario queda obrigado a resolve-la reclamación no prazo de quince días.

ARTIGO 54

Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa efectuada polo abonado ou persoal que o represente legalmente.

CAPITULO II

FIANZAS, INSPECCION E SANCIONS

ARTIGO 55

1.—Para atende-lo pago de calquera posible descuberto ou dano nas instalacións do concesionario, imputable ó abonado, este estará obrigado a depositar no momento de contrata-lo servicio en concepto de fianza o importe de dous mínimos trimestrais coa tarifa de uso correspondente.

2.—Esta cantidade será devolta ó darse de baixa, sen pagos pendentes, e previa presentación do recibo orixinal xustificativo de efectua-lo depósito sinalado.

ARTIGO 56

1.—O concesionario está autorizado para vixialas condicións e forma na que os abonados utilizan o servicio de abastecemento.

2.—A negativa a facilita-la entrada en horas hábiles ás persoas autorizadas polo concesionario para efectúa-las comprobacións, xustificáranse mediante a presenza dun Axente da Autoridade, ó único efecto de que sexa testemuña da negativa. Nos casos nos que non sexa posible a súa presenza, bastará a xustificación mediante dúas ou máis testemuñas.

ARTIGO 57

1.—A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará a forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia da acta, asinada polo inspector, será lle entregada ó abonado.

2.—Os inspectores ó efecto deberán invitar ó abonado ou ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as

manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará á tramitación e conclusións que se establezan dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas á dirección do concesionario ou do Concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

ARTIGO 58

1.—O concesionario, á vista da acta redactada, e das alegacións interpostas, requirirá ó propietario da instalación para que corrixa as deficiencias observadas na mesma, con apercibimento de que de non levalo a efecto no prazo de cinco días hábiles se aplicará o procedemento sancionador establecido.

2.—Cando polo persoal do concesionario se encontraren derivacións nas súas redes con utilización de subministro sen ningún convenio, é dicir, realizadas clandestinamente, este concesionario efectuaralo corte inmediato do subministro, en tales derivacións.

ARTIGO 59

1.—O concesionario formulará a liquidación de fraude, distinguíndose, a efectos de devolución e das responsabilidades por fraude, os seguintes casos:

a) Que non exista contrato para o subministro de auga.

b) Que por calquera procedemento se manipule ou altere o rexistro do contador ou aparato de medida.

c) Que se realicen derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.

d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2.—O concesionario aplicará a correspondente liquidación, segundo os casos e da seguinte forma :

— Para o caso “a”, formularase unha liquidación por fraude que incluíra un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente correspondese ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, co tempo de oito horas diarias de utilización e durante un prazo que medie entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas, e o momento no que se corrixa a existencia do fraude detectado, sen que se poida estender, en total, a máis de un ano.

— Para o caso “b”, se se falsearon as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal, computándose o tempo a considerar a oito horas diarias desde a data da última verificación oficial do contador, sen que

ese tempo exceda do ano, descontándose os consumos que durante este período de tempo fosen pagados polo autor do fraude.

— Para o caso “c”, se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase, coma no primeiro caso, de non existir contrato de subministro e sen facerse desconto pola auga medida polo contador.

— Para o caso “d”, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase en favor do concesionario, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a tarifa que en cada período correspondese ó uso real que se está dando á auga e as que, neste período se aplicaron con base ó uso contratado. Este período non poderá ser computado en máis dun ano.

3.—En tódolos casos, o importe de fraude deducido de acordo cos preceptos establecidos nos parágrafos anteriores, estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles, e deberán consignar a contía dos mesmos na correspondente liquidación.

4.—As liquidacións que formule o concesionario serán notificadas ós interesados que, contra as mesmas, poderán formular reclamación ante o organismo competente en materia de consumo no prazo de quince días a contar desde a notificación desta liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

ARTIGO 60

1.—Toda actuación, comportamento ou conducta que incumpra a normativa deste Regulamento, dará lugar á imposición de sancións ós infractores, de conformidade co previsto neste Regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da existencia de danos ou prexuízos e da responsabilidade de orixe penal que procedese.

2.—Toda falta grave cometida no uso de auga de abastecemento municipal por parte dos abonados, será causa suficiente para a rescisión do contrato de subministro, con interrupción do abastecemento, sen prexuízo de defraudación á Facenda Municipal, se se producise previa tramitación de oportuno expediente.

Constituirá falta grave se se cometen os seguintes actos :

a) Empregar a auga para outros usos distintos a aqueles para os que foi concedida, non podendo tampouco vendela ou cedela. Constituirá excepción a esta prohibición o uso de auga para a extinción de incendios.

b) Mesturar coa auga da rede xeral a procedente doutros aproveitamentos e alterar de calquera forma as condicións de potabilidade.

c) Impedir a entrada de persoal do servizo ó lugar onde se atopan as instalacións, cando exista

un indicio razoable de posible defraudación ou perturbación do servicio.

d) Utiliza-la auga sen control dun contador ou carcer de alta como abonado ó servicio.

e) Manipula-las instalacións co obxecto de impedir que os contadores rexistren o caudal realmente consumido.

f) Desatende-los requirimentos que o Concello dirixira ós abonados a través do servicio, para que se reparen os defectos observados na súa instalación.

g) Outros actos ou omisións ós que a lexislación vixente aplicable considere falta grave.

DISPOSICION FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro definitivo no Boletín Oficial da Provincia, tal como establece o artigo 70.2, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local ata que o Pleno acorde a súa modificación ou derogación expresas, se se considerase procedente.

ORDENANZA REGULADORA DE DESGUACES DE ARTEFACTOS VELLAS EN DESUSO NAS PRAIAS OU ZONAS DO LITORAL COSTEIRO NO TERMO MUNICIPAL DE A ILLA DE AROUSA.

ARTIGO PRIMEIRO

Todo permiso de desguace de calquera artefacto en desuso ou de calquera outra actividade realizada nas praias e que poida deixar restos atentatorios contra o entorno, debe solicitarse previamente nas oficinas desta Casa do Concello e espera-lo seu outorgamento.

ARTIGO SEGUNDO

O lugar de desguace fíxase na praia do Aguiuncho deste municipio.

ARTIGO TERCEIRO

Os solicitantes dos permisos de desguace comprometeranse a deixa-la zona limpa e expedita de restos nun prazo máximo de 15 días, tempo considerado suficiente.

ARTIGO CUARTO

Coa fin de garanti-lo exposto no artigo terceiro os interesados depositarán unha fianza no Concello que oscilará entre as 50.000 e as 100.000 pesetas, segundo a embergadura do artefacto e o maior volume de restos que poida deixar.

ARTIGO QUINTO

Facúltase ó Sr. Alcalde para a aplicación da fianza e para proceder á súa devolución unha vez que os restos se retiraran así como para o outorgamento dos permisos nos términos que fixa esta Ordenanza.

ARTIGO SEXTO

Os desguaces ou actividades semellantes realizadas nas praias sen os permisos correspondentes ou fóra dos lugares sinalados nesta Ordenanza, darán lugar á apertura dun expediente sancionador do que a súa contía pode oscilar entre as 200.000 e 500.000 pesetas, segundo a gravidade dos danos, polo que se facultará á Comisión de Goberno para a aplicación dela.

ARTIGO SEPTIMO. ENTRADA EN VIGOR

Este acordo entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Segundo o artigo 60.1 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, os Concellos esixirán o imposto sobre bens inmobles que se regula nos artigos 61 a 78 do citado texto legal. O Concello de A Illa de Arousa esixirá este tributo de conformidade co disposto na Lei 39/88, disposicións que a desenvolven e cos tipos de gravame sobre o valor catastral seguintes:

- 1.—0,40 % para bens de natureza urbana.
- 2.—0,60 % para bens de natureza rústica.

IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA

Segundo o artigo 60.1 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, os Concellos esixirán o imposto sobre vehículos de tracción mecánica que se regula nos artigos 93 a 100 do citado texto legal.

O Concello de A Illa de Arousa esixirá este tributo de conformidade co disposto na Lei 39/88, disposicións que a desenvolven e as seguintes normas procedementais :

1º.—Estarán obrigados ó pago deste imposto no Concello de A Illa de Arousa os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 95 da Lei 39/88 que teñan enderezo fiscal en A Illa de Arousa. Será enderezo fiscal a efectos deste imposto aquel que figure no permiso de circulación do vehículo.

2º.—de conformidade co artigo 96.4 da Lei 39/88, o Concello de A Illa de Arousa fixa as seguintes tarifas :